

GUÍA DIDÁCTICA
DE AQUÍ PARA ALÁ



Guía didáctica DE AQUÍ PARA ALÁ. Lydia Botana

GUÍA DIDÁCTICA

DE AQUÍ PARA ALÁ

LYDIA BOTANA TAIBO

GUÍA DIDÁCTICA: DE AQUÍ PARA ALÁ

1. Introducción

2. Que imos ver?

2.1. Sinopse: De aquí para alá

2.2. Percorrido

2.3. A autora: Lydia Botana

3. Obxectivos e contidos

4. Actividades

Lugares que visitaremos, temas e cores

Instrumentos que atoparemos neste concerto

Cancións

Audicións e vídeos recomendados

ANEXO

Fichas

1. Metamorfose da bolboreta

2. Animais da illa

3. Bubamara e o acordeón

4. O mapa da viaxe

1. Introducción

Esta guía didáctica pretende achegar, tanto a profesores coma a pais, material co que reforzar o traballo realizado tanto no concerto didáctico coma no canta-contos ao que acudirá ó alumnado. Achégase distintas actividades en diversos formatos coma fichas baseadas nos conceptos que se desexan resaltar da historia que escoitarán, enlaces a vídeos e audicións recomendadas, coreografías e cancións. Todo co fin de axudar aos docentes a preparar millor os diversos parámetros da música e da vida que se tratan de difundir con este concerto didáctico.

2. Que imos ver?

2.1. Sinopse: De aquí para alá

De aquí para alá é unha proposta musical e teatral para público infantil de Lydia Botana, autora e directora deste espectáculo que conta cun libro-disco coas cancións e a historia pola que xira este concerto publicado en novembro 2015 pola editorial Cumio na súa primeira edición.

“De aquí para alá” é un proxecto de música infantil no que viaxamos arredor do mundo aprendendo, escoitando, bailando e cantando as músicas de cada lugar facendo partícipe ó público que nos acompañe na procura de novos sons!

A través da música contaremos a historia dunha bolboreta que vai polo mundo na procura de algo que faga feliz ó seu novo amigo Gali, un neno que vive en África e está moi triste. Embarcarémonos nunha viaxe musical arredor do mundo pasando por Brasil, Cuba, Xamaica, os Balcáns, Estados Unidos, Galicia e lugares máxicos por descubrir.

Cantaremos co público o retrouso que nos levará ó seguinte lugar transportando unha mesma melodía por xéneros musicais coma **a bossa-nova, o rap, o son cubano, o reggae, o ska...**

Unha divertida aventura na que a música, os instrumentos e as cores son os protagonistas cos que descubriremos paisaxes sonoras distintas disfrutando e aprendendo ó mesmo tempo.

Os **formatos** posibles son:

* “Concerto didáctico” que consta dunha posta en escena musical formada por unha instrumentación variada: dende o piano, a batería, o acordeón, os bongoes, campás, etc. Contamos con instrumentos típicos de cada lugar polo que iremos pasando coma a kalimba, o didgeridoo, as cunchas, etc. Xunto cun variado set de pequena percusión que abrangue dende pandeiretas, pao de choiva... e un sinfín de cacharradas que despertarán a curiosidade dos asistentes a este concerto. É preciso dun espazo amplo e amplificación, microfonía para realizar este formato de concerto.


* “Canta-contos” que é un formato máis reducido onde amosamos o libro mentres se interpreta a historia deste conto e escoitamos, mentres bailamos e cantamos, as músicas do disco e música en directo tamén. É perfecto para bibliotecas, escolas ou espazos máis pequenos onde non é preciso amplificación, máis acústico e cercano.

2.2. Percorrido

De aquí para alá xa pasou por diversos lugares da xeografía galega, tamén en Palencia, Zamora, Tenerife, Las Palmas, Madrid, Barcelona como *De aquí para allá* e incluso Francia como *D’ici à là*. Tivo presenza en festivais ou expos coma Culturgal, Churritines, o salón infantil de Galicia, Festival de la luz (Boimorto), Musicando no nadal (A Coruña), Festival de Literatura infantil Món Llibre (Barcelona) ou para escolares das catro provincias galegas coa participación do profesorado asistente ao traballar, previa e posteriormente ao concerto, a unidade didáctica elaborada ex professo para sacar máis partido ó lado educativo e didáctico desta representación.

2.3. A autora: Lydia Botana

Unha idea orixinal con música e arranxos de [Lydia Botana](http://www.lydiabotana.com), músico multinstrumentista natural de Culleredo (A Coruña) que comezou estudos musicais no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña e Culleredo obtendo o título profesional na especialidade de piano e percusión. Está titulada polo Conservatorio Superior de Música de A Coruña en Pedagogía da Linguaxe e a Educación Musical. Cursou estudos durante a súa estancia no Conservatorio di Música Giovan Battista Martini en Bologna (Italia) cunha beca Erasmus xunto a Pier Paolo Scattolini e dirixiu o Coro Voci Bianche de la Fondazione Teatro Comunale di Bologna que dirixe a mestra Silvia Rossi.



www.lydiabotana.com



Realizou diversos cursos de formación coma Introducción á Rítmica Jacques-Dalcroze con Anne Allegre; Improvisación en el aula de Lenguaje Musical con Emilio Molina; Body music-Body percussion con Javier Romero; Tradiciones orales y creación en el aula con Polo Vallejo; Somos ritmo con Ramiroquai Tersse de Mayúmaná; Pedagogía musical activa con Jos Wuytack, etc.

En 2012 foi convidada a cursar estudos na LIPA (Liverpool Institute for Performing Arts) a universidade de Paul McCartney onde realizou unha Master Class sobre música moderna e actuou na mítica sala The Cavern.

Ten formado parte de diversas agrupacións tanto rock, pop, reggae/ska, coma esembles de percusión, bandas sinfónicas ou coros. Ten experiencia coma profesora en conservatorios profesionais e superiores, escolas de música, escolas infantís, unitarias, obradoiros e campamentos dende fai máis de dez anos así coma charlas formativas sobre educación vogal ou conferencias sobre metodoloxías activas na aula de música ou a presenza de música moderna no eido educativo.

Entre as súas publicacións destacan as comunicacións en xornadas sobre educación artística coma II CEIMUS (Congreso de Educación e Investigación Musical) sobre a motivación e creatividade na aula de música (Madrid, 2012), II CONSMU (Congreso Nacional de Conservatorios Superiores de Música) sobre novos enfoques na formación e educación musical (Madrid, 2015) ou Cursos de técnicas e recursos vogais para bandas para MusicMentoring.org, (Barcelona, 2015), ponencia no III Encuentro Nacional de Docentes de Música (Cádiz, 2018).

Impartiu clases de Didáctica da Música no Conservatorio Superior de Música das Illas Baleares formando futuro profesorado en educación musical, foi a Xefa de estudos da Escola municipal de música de Arteixo, Xefa de departamento de Música e Movemento



e de Linguaxe Musical, coordinadora de programación pedagóxica musical en diversos centros educativos de Galicia coma en centros culturais coma o Museo de Arte Contemporáneo de A Coruña MAC, Cambre Ocio, Asociación Galaica Música, etc. Ten realizado substitucións na escola de música moderna Música Creativa de Madrid e imparte obradoiros na Rock Eskola Atabal de Biarritz (Francia).

Produce temas coma “[Longas merendas](#)” con Xenderal para o programa da TVG [Xabarín Club](#) co seu proxecto de música mestiza **[Bolboreta](#)** e pódese atopar en diferentes discos coma no recompilatorio *Lo peor de la rumba* (2012) xunto con **Manu Chao**, **Amparo Sánchez**, etc. *7º Buskers Festival Barcelona* (2011), *Rockola insert coin Vol.5* (2015) e en discos de bandas de rock coma **Anima**- Tresmilonce (2013), música infantil coma **Pirilampo**- Lucecús (Ed. Galaxia. 2014) ou **Traca-Traco** (Ed. Cumio. 2015), rap/punk e poesía de **Labregos do Tempo dos Sputniks**- Librementemente (Ouvirmos, 2016) e os seus propios discos de **[Bolboreta](#)** -Metamorfose (2015) e o LP *Vuelo* (Kasba Music, 2017).

3. Obxectivos e contidos

Obxectivos

- ✓ Achegar tanto ao alumnado coma ás familias, a música dunha forma participativa e divertida estimulando e promovendo unha escoita activa.
- ✓ Expresar emocións, sentimentos e ideas a través da linguaxe musical e corporal.
- ✓ Desenvolver a súa sensibilidade artística e a capacidade creativa achegándose ás manifestacións da linguaxe musical de diversos países.
- ✓ Identificar tradicións musicais de diferentes países así coma os seus instrumentos.
- ✓ Potenciar o respecto entre culturas e as persoas contribuíndo á comprensión da interculturalidade mediante a difusión dun repertorio musical amplo e variado e o uso de distitos idiomas.
- ✓ Coñecer diversas características da paisaxe, flora e fauna dos países traballados.
- ✓ Experimentar a improvisación da música a través da escoita e dramatización de diversas cancións.
- ✓ Recoñecer o silencio para conseguir una boa atención para apreciar as actividades artísticas.

Contidos

- ✓ Continentes: África, América, Asia, Europa e Oceanía.

- ✓ Países: Australia, Estados Unidos, Brasil, Cuba, Xamaica, Balcáns, Galicia (España).
- ✓ Localización no mapa dos distintos continentes e países traballados.
- ✓ A paisaxe: vila, illa, mar, río, cidade, montañas.
- ✓ Identificación das diferentes paisaxes traballadas.
- ✓ Fauna: bolboreta, canguro, koalas, crocodilo, paxaro carpinteiro/ peto, tiburón/ quenlla, xoaniña, vieira.
- ✓ Flora: baobab, palmera, carballo, eucalipto.
- ✓ Identificación dalgunha característica dos animais e árbores traballados.
- ✓ Asociación de cada animal co seu país de procedencia.
- ✓ Instrumentos musicais: kalimba, xilófono, didjeridoo, piano, batería, percusión corporal, bongoes, djembe, instrumentos de parche dunha batucada coma o repenique, claves, maracas, cabasa, vibraslap, gong, campás, acordeón, cunchas e pandeireta.
- ✓ Discriminación dos son dos instrumentos musicais traballados.
- ✓ Música: africana, aborixe australiana, jazz, rock, rap, bossa nova, samba, son cubano, reggae, ska, nana/ arrollo, música oriental, tradicional balcánica e galega, pop.
- ✓ Identificación de diferentes tipos de música e as súas características.
- ✓ Asimilación dos tempos de escoita e de resposta nunha canción con responsorio.

- ✓ Asociación de cada instrumento musical co seu país de procedencia e coa peza musical correspondente.
- ✓ Cores: marrón, azul, vermella, verde, rosa, morada, amarela e laranxa.
- ✓ Asociación de cada cor cun país e a súa música.
- ✓ Repertorio musical internacional na lingua de orixe.
- ✓ Interese en participar en actividades musicais.
- ✓ Actitude relaxada asimilando o silencio como elemento fundamental para una boa escoita.

4. Actividades.

As propostas que a continuación se presentan son para realizar en cada un dos lugares concretos polos que pasaremos durante esta viaxe musical polo mundo na que a protagonista desta historia, Bolboreta, vai adquirindo novas cores nas súas ás a medida que vai aprendendo novas músicas e vivindo novas experiencias.

Ás zonas do mundo polas que vai pasando este conto correspóndenlle unha **cor** coa que se pode traballar, un tipo de **música** que se escoitará durante o concerto, **instrumentos** que nomearemos e tocaremos, un **tema** entorno ao que xiraremos nese lugar que cada profesor pode ampliar ou desenvolver como queira, e unhas propostas de **actividades** para realizar na aula que poden ser dende xogos ata cancións das cales se enlazan audios en Internet e vídeos para traballar as coreografías ou dramatizacións.

COR: a cor que finalmente adquire a bolboreta nas súas ás tralo paso por cada lugar do mundo

MÚSICA: xénero musical que tocaremos neste lugar

INSTRUMENTOS: imaxes dos instrumentos musicais dos que falaremos e escoitaremos

TEMA: trama ou suceso polo que xiramos durante o paso por ese lugar

ACTIVIDADES: propostas para realizar en conxunto

A continuación preséntase cada proposta do seguinte xeito:

Adxúntanse fichas no Anexo desta unidade didáctica sendo a Ficha 4. O mapa da viaxe, a máis recurrida durante o programa.

África


Cor: marrón.

Música: africana.

Instrumentos: Xilófono

Kalimba

Djembe



Tema:

- Estados anímicos: da tristeza á felicidade.
- Importancia da árbore do baobab para os pobos africanos.
- Tradición da danza da choiva para regar as terras e florezan os cultivos.
- O proceso de metamorfose dunha bolboreta.

Actividades:

- * Ubicar África no mapa do mundo da **Ficha 4**.
- * Expresar o que lles causa tristeza e que é o que provoca a súa felicidade despois. Reflexionalo.
- * Enumerar cousas que lles fagan felices.
- * Simular unha danza da choiva para atraer a auga mediante distintos sons.
- * Co **vídeo** desta coreografía poden aprender o Ritual da choiva. Tamén co acompañamento duns tambores ou djembes, poden bailar e cantar a canción 2 do disco **XA CHOVEU** (Lydia Botana). Con esta canción contamos a historia dun neno que está triste no alto dun baobab.

<https://youtu.be/j4OMKyqo5SI>

XA CHOVEU

Lydia Botana

NUNHA VILA VIVE UN NENO
QUE CHORANDO NA ÁRBORE ESTÁ
OS VECIÑOS BAILAN EMBAIXO
PORQUE A CHOIVA XA ESTÁ A CHEGAR

Coreografía:

Brazos cara un lado

Brazos cara o outro lado

Brazos cara un lado

Brazos cara o outro lado

XA CHOVEU XA CHOVEU EU EU EU
XA CHOVEU XA CHOVEU EU EU EU
XA CHOVEU XA CHOVEU EU EU EU
XA CHOVEU XA CHOVEU EU EU EU

Brazos cara arriba

Brazos cara abaixo

Brazos cara arriba

Brazos cara abaixo

Final: brazos arriba coas palmas das mans abertas

- * Visualizar o proceso real da metamorfose dunha bolboreta. ([vídeo](#))
 - * Buscar información sobre a bolboreta “Monarca” e as súas migracións para facer un mural e bolboretas de papel. ([vídeo](#))
 - * Realización da **Ficha 1**. Metamorfose da bolboreta.
- Recortar e pegar na orde correcta os catro pasos debuxados da secuenciación temporal da metamorfose dunha bolboreta:
- 1- Ovo
 - 2- Verme
 - 3- O verme comeza a construír o seu casulo
 - 4- Estado de ninfa (casulo)
 - 5- A bolboreta sae do seu casulo
 - 6- Voa a bolboreta

* Interpretar a canción 3 do disco **DE AQUÍ PARA ALÁ** (Lydia Botana).

Este é o retrouso que une o concerto no que os asistentes repiten o que se lles indica en cada frase. Cantaremos e dramatizaremos esta canción sobre distintos xéneros musicais e con diferentes idiomas e acentos. Aquí o **video** coa súa coreografía:

<https://youtu.be/FQnmv6jmYqs>

https://youtu.be/fke9N_sBaYc

(vídeo concerto, canción con coreografía nenos Educación Infantil)

<https://youtu.be/TwJvJ3LTRcl?t=1m7s>

(vídeo concerto, canción con coreografía nenos Primaria)

<https://youtu.be/HLj2lepcWXE?t=1m15s>

(video coreografía con nenos de Infantil e Primaria nunha clase)

DE AQUÍ PARA ALÁ

Lydia Botana

DE AQUÍ

PARA ALÁ

DE AQUÍ

PARA ALÁ

IMOS VOANDO

A OUTRO LUGAR

Coreografía:

Brazos sinalando abaixo

Brazos sinalando de frente

Brazos sinalando abaixo

Brazos sinalando de frente

Movendo os brazos coma voando

Facer a silueta dun círculo cos brazos simbolizando o mundo

DE AQUÍ

PARA ALÁ

DE AQUÍ

PARA ALÁ

IMOS VOANDO

A UN NOVO LUGAR

Brazos sinalando abaixo

Brazos sinalando de frente

Brazos sinalando abaixo

Brazos sinalando de frente

Movendo os brazos coma voando

Facer a silueta dun círculo cos brazos simbolizando o mundo

Final: brazos en alto

Australia

Cor: azul.

Música: ambiente aborixe australiano.

Instrumentos: Didjeridoo



Tema:

- A fauna australiana.
- A flora australiana.
- Os aborixes australianos.
- O didgeridoo.
- A poesía.

Actividades:

- * Ubicar Oceanía e Australia, concretamente, no mapa do mundo.
- * Recoñecemento do eucalipto australiano tan presente no entorno galego.
- * Realización da **Ficha 2**. Animais da illa.

Identificar e colorear os animais australianos que empecen polo son “C/K” coma os canguros, os koalas e o crocodilo.

* escoitar e visualizar unha interpretación de didgeridoo no [vídeo](#) dun concerto de Xavier Rudd e [vídeo](#) dunha interpretación por parte dun neno que toca un didgeridoo aborixe feito dunha póla de eucalipto.

* Recitar e identificar os animais dos que se fala neste poema do libro na canción 3 **FAUNA POÉTICA** (Xosé Lois Seixo): pelícano, canguro, ibis, ornitorrinco, koala, dingo, iguana, varano, demo de Tasmania, dragón barbudo.

FAUNA POÉTICA

Xosé Lois Seixo

E xa chegamos a Oz, Oz, Oz
a Australia
no outro lado do mundo,
onde surfea o pelícano
e salta á corda o canguro.
Nos parques pasea o ibis
nos ríos o ornitorrinco,
nos bosques dorme o koala
e no monte corre o dingo.
As iguanas visten de cores,
os varanos son varudos
e o demo de Tasmania
persigue ao dragón barbudo.

* A cultura do surf en Australia: simular que surfean ondas grandes, pequenas con música surf de fondo (audición recomendada: The Beach Boys).

Estados Unidos

Cor: vermella.

Música: jazz, rock, rap.

Instrumentos: Piano

Batería



Tema:

- As Américas: América do norte, América do sur e América central.
- O jazz.
- A cultura hip hop: o rap, beat box, break dance.

Actividades:

- * Ubicar América e Estados Unidos, concretamente, no mapa do mundo.
- * Facer unha lista de tódolos sons que atopamos nunha cidade.
- * Práctica do beat box básico: pu-chi-ki-chi. (vídeo)
- * Bailar ao ritmo de rap, pasos básicos. (vídeo)

- * Danzar libremente pola aula intentando mantelo ritmo con chasquidos da canción 4 dos disco **VOANDO VAI** (Lydia Botana).

VOANDO VAI

Lydia Botana

VOANDO VAI, VIAXANDO ESTÁ

A BOLBORETA QUE APRENDE JAZZ

VAI NA PROCURA DE ALGO FELIZ

VAI POLO MUNDO BUSCÁNDOTE A TI

(Solo)

VOANDO VAI, VIAXANDO ESTÁ

A BOLBORETA MÁIS MUSICAL

VAI NA PROCURA DE ALGO FELIZ

BUSCANDO A FELICIDADE SEN FIN

- *Audicións recomendadas: Autumn leaves (Joseph Kosma), We will rock you (Queen).

Canción: AUTUMN LEAVES- Joseph Kosma

Experimentar a improvisación vocal sobre esta gravación do standar de jazz Autumn leaves (Joseph Kosma) tomando coma exemplo a improvisación de Bobby McFerrin neste [vídeo](#).

<https://youtu.be/5jiXQmWBXbY>

(vídeo actuación en directo de Chick Corea ao piano coa improvisación vocal de Bobby McFerrin)

Canción: WE WILL ROCK YOU- Queen

Percutir sobre a mesa, as pernas ou xeonllos xunto as palmas xogando coa percusión corporal para realizar a rítmica do mítico tema de Queen sobre a audición da canción We will rock you.

<https://youtu.be/-tJYN-eG1zk>

(vídeo oficial de 1977 de Queen)

WE WILL ROCK YOU

QUEEN

We will we will rock you we wil we will rock you

Palmas

Mesa

- * Improvisar ritmos percutidos sobre o corpo.
- * Mantelo pulso nun círculo coa canción 5 do disco **FACEMOS BEAT BOX** (Lydia Botana).

FACEMOS BEAT BOX

Lydia Botana

CHEGAMOS A OUTRO LADO DO OCEANO ATLÁNTICO

BAILAMOS POLAS RÚAS FACEMOS UN CÁNTICO

XOGANDO CO CORPO MENEANDO O PANDEIRO

FACENDO RUIDO O CORPO ENTEIRO

FACEMOS BEAT BOX INTENTÁDEO VÓS

FACEDE BEAT BOX BERRADE CON NÓS (*Bis*)

BATEMOS NO PEITO GOLPEAMOS CON GANA

IMPROVISO E NON PENSO EN NADA

NON TE CONFUNDAS NON SON LABAZADAS

FACEMOS RUIDOS COA CARA

FACEMOS BEAT BOX INTENTÁDEO VÓS

FACEDE BEAT BOX BERRADE CON NÓS *(Bis)*



Cor: verde

Música: bossa nova, samba.

Instrumentos: Instrumentos de parche

Bongoes

Caixa tubular dobre



Tema:

- O paxaro carpinteiro, o peto, coñecido no Brasil coma “Picapau”.
- O carnaval de Rio de Janeiro.
- As batucadas: os instrumentos de parche (percusión con membrana).


Actividades:

- * Ubicar Brasil no mapa do mundo.
- * Audición recomendada: Garôta de Ipanema (Tom Jobim, Vinicius de Moraes).

Canción: GARÔTA DE IPANEMA- Tom Jobim, Vinicius de Moraes

<https://youtu.be/KJzBxJ8ExRk>

(vídeo coa actuación en directo dos autores da canción)



GARÔTA DE IPANEMA

*Olha que coisa mais linda, mais cheia de
graça
É ela a menina que vem e que passa
Num doce balanço caminho do mar.*

* Visualizar o formato dunha batucada, no estudio, no auditorio e nas rúas durante o carnaval do Brasil. Vídeos:

<https://youtu.be/UPgHA8EW6Go>

<https://youtu.be/PmpwgCDpT8k>

<https://youtu.be/MOhWyEyfOMk>

* Crear uns bongoes artesanais. (vídeo)

* Xogo con psicomotricidade durante a canción 6 do disco **BATUCADA DEPORTIVA** (Lydia Botana). Realízalos xestos dos deportes que se van nomeando durante a canción, así como os exercicios previos para quentalos músicos e as voces, todo sobre unha base de baile da samba.



Cor: rosa.

Música: son cubano.

Instrumentos: Claves



Maracas



Tema:

-As illas.

-O ritmo da clave 2:3 e 3:2.

-A música cubana.

Actividades:

* Ubicar Cuba no mapa do mundo.

* Práctica das claves 2:3 e 3:2. (vídeo)

* Crear unhas maracas con materias reciclados: botellas de plástico con area da praia, pedriñas, etc

* Bailar salsa coa canción 7 do disco **SON DE CUBA** (Lydia Botana) e tocar a clave 2:3 coas claves ou coas palmas.

Xamaica

Cor: morado.

Música: reggae, ska.

Instrumentos: Cabasa



Vibraslap



Tema:

-A quenlla.

-O baile libre e as danzas.

-A velocidade da música: reggae e ska.

Actividades:

* Ubicar Xamaica no mapa do mundo.

* Facer un xogo no que cada neno é unha quenlla e debe atrapar ós demais ao ritmo da música.

* Audicións recomendadas: Jamming (Bob Marley), Ska ska ska (The Skatalites).

Canción: **JAMMING- Bob Marley**

Bailar ao ritmo de reggae.

Dar palmas co pulso a tempo e a contratempo.

<https://youtu.be/5WlCdiU9IzA>

Canción: **SKA SKA SKA- The Skatalites**

Bailar ao ritmo de ska.

Dar palmas co pulso a tempo e a contratempo.

<https://youtu.be/EcoNPm3pyqg>

* Bailar e cantar a ritmo de reggae e ska, libremente, coa canción do disco **BAILAMOS** (Lydia Botana).

 Asia

Cor: amarelo.

Música: nana e escala oriental.

Instrumentos: Gong

Campás

Tubo armónico



Tema:

-As nanas, os arrollos.

-Tipos de saúdos orientais.

-A relaxación.

Actividades:

* Ubicar Asia no mapa do mundo.

* Lembrar un arrolo que escoitaran.

* Facer unha pequena relaxación ó chegar á aula escoitando música oriental. ([vídeo](#))

* Audicións recomendadas: Nana (J.Brahms), música oriental.

Canción: **NANA- Johannes Brahms**

O significado dunha nana a través da escoita e a relaxación adormecéndose.

<https://youtu.be/KFg-ADsHFSw>

(vídeo coa canción sinxela que marca as notas coa partitura)

<https://youtu.be/6gOPkHHb-sA>

(vídeo de bebés durmindo con esta canción soando)

Canción: **MÚSICA ORIENTAL**

<https://youtu.be/sXe0N6zjtMg>

(música de relaxación oriental)

* Adormecer e descansar coa canción do disco **NANA** (J.Brahms, arranxo e letra Lydia Botana).

* Visualizar vídeo durante un concerto de DE AQUÍ PARA ALÁ coas campás musicais. ([vídeo](#))

Balcáns

Cor: laranxa.

Música: tradicional balcánica.

Instrumentos: Acordeón



Tema:

- Zonas montañosas dos Balcáns.
- Tipos de danzas do este europeo.
- Bubamara, xoaniña.

Actividades:

- * Ubicar os Balcáns no mapa do mundo.
- * Realizar a **Ficha 3**.Acordeón e xoaniña.

Bubamara, unha xoaniña que baila ao son do acordeón, baila tamén coa bolboreta. Une os puntiños da silueta da bolboreta e despois repásaa con cores. Podes colorealas, recortalas e poñelas nunha cartulina para facer un mural en conxunto.

* Audición recomendada: Bubamara (tradicional balcánica).

- * Facer a danza tradicional balcánica coa canción do disco **BUBAMARA** (tradicional, arranxo e letra Lydia Botana). Vivenciamos a aceleración e a modulación cunha danza tradicional co tema popular da zona dos Balcáns que leva o nome da xoaniña que coñeceremos durante a viaxe, Bubamara.

A danza consta de dúas partes, parte A e parte B, coincidindo cos dous temas melódicos que forman a canción.

Pódese realizar formando un círculo entre os participantes ou nunha línea, engachados entre eles apoiando as máns nos ombros dos compañeiros.

No primeiro tema da canción, o tema A, van lanzando as pernas aos lados.

No segundo tema da canción, o tema B, camiñan cara adiante e cara atrás sucesivamente.

O ir acelerando e decelerando o tempo da canción, levará aos participantes a estar atentos á velocidade da música e ir acorde con ela.

 Galicia

Cor: multicolor.

Música: tradicional galega.

Instrumentos: Cunchas



Pandeireta



Tema:

-A polinización das bolboretas.

-Os instrumentos tradicionais galegos: cunchas de vieiras.

Actividades:

* Crear un mural entre toda a clase sobre as flores e a súa polinización coma neste exemplo.

* Escoitando unha muñeira preparar entre toda a clase unha coreografía de baile galego, acompañados de aturuxos.

Exemplo dun baile sinxelo:

<https://youtu.be/MlCrFXjRfVE>

(grupo folclórico amateur bailando a Muñeira de Chantada)

* Audición recomendada: Muñeira de Chantada (tradicional/popular)

Canción: **MUÑEIRA DE CHANTADA- Tradicional/popular**

<https://youtu.be/uJ1ynTMUj0c>


(Carlos Núñez con The Chieftains en directo)

<https://youtu.be/BoE7JoFNdTo>

(Milladoiro)

* Experimentar unha roda de percusión tocando as cunchas.

* Bailar un maneo coa canción do disco **TERRA DE CORES** (Lydia Botana) e tocar as cunchas cun ritmo sinxelo.



FICHAS ANEXO

Ficha 1. Metamorfose da bolboreta

Ficha 2. Animais da illa

Ficha 3. Bubamara e o acordeón

Ficha 4. O mapa da viaxe



